

estratexias de animación á lectura Estratexias de animación

á lectura estratexias de animación á lectura estratexias


de animación á lectura **estratexias de animación**

**á lectura** estratexias de animación á lectura

Estratexias de animación á lectura estratexias de animación



# ESTRATEGIAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA



## ADIVIÑAS MONSTRUOSAS

### Obxectivo xeral

- Gozar da lectura do libro.
- Familiarizarnos coas rimas.
- Espertar a curiosidade e a imaxinación dos rapaces.

2

### Orientacións

A brevidade dos capítulos, a linguaxe rimada e o ton humorístico fan que o libro lles guste moito aos primeiros lectores.

## ACTIVIDADE 1

(Antes da lectura): **UNHA BIBLIOTECA MONSTRUOSA**

### Obxectivos

- Que os alumnos teñan a ocasión de compartir os seus libros e de intercambiar as súas opinións sobre eles.
- Espertar a curiosidade polo libro que imos ler.
- Familiarizarse co funcionamento da biblioteca da aula.

### Descrición

Trátase de presentar a biblioteca da aula como un lugar cheo de monstros.

Faremos unha selección, entre os libros que teñamos na aula, das historias nas que apareza todo tipo de monstros (bruxas, dragóns, fantasmas, ogros...).

Iremos presentándolles estes libros pouco a pouco (un cada día) aos alumnos, de maneira informal e dándolle protagonismo ao monstro correspondente (aínda que non sexa un personaxe principal na historia). De considerármolo oportuno, podemos colgar pola clase algunhas ilustracións. Animaremos os alumnos a que fagan comentarios (se coñecen máis monstros, se leron ese libro...). Se algún alumno ou alumna amosa interese por ler un deses libros, invitáremolo a que o leve á casa tras cubrir a ficha da biblioteca.

Propoñerémolles aos alumnos traer á clase algún libro con monstros que teñan na casa e queiran compartir cos seus compañeiros.

Para completar esta actividade e comezar coa obra, presentaremos *Adiviñas monstruosas* igual que fomos presentando outros libros. Os alumnos xa terán o seu exemplar e poderase comezar a lectura.

### Orientacións

A actividade pódese prolongar o tempo que se considere oportuno, pero a presentación do libro deberá deixarse para o final, co obxectivo de que os nenos se vaian familiarizando cos monstros que antes lles eran descoñecidos.

## ACTIVIDADE 2

(Durante a lectura): **UNS MONSTROS BEN ALIMENTADOS**

### Obxectivos

- Descubrir a importancia dunha alimentación sa e variada.
- Fomentar a creatividade a través da linguaxe poética.
- Respetar opinións e gustos diferentes aos propios.

### Descrición

Pedirémoslles aos alumnos que, por quendas, vaian dicindo cal é a súa comida preferida e, se a coñecen, a receita coa que a preparan na casa.

Animarémolos a que comenten os seus gustos e as súas preferencias e que os comparen cos dos compañeiros.

Propoñerémoslles aos alumnos que pregunten na casa como é a receita do seu prato favorito e que tomen nota dela por escrito. Compararemos as receitas e veremos se coñecemos todos os ingredientes e as diferentes formas de os cocinar.

Co libro diante, cada alumno/a elixirá un personaxe monstruoso e pensará cal pode ser o seu prato preferido, poñendo **ATENCIÓN** no que nos din as adiviñas sobre isto:

- O polbo almorza explosivos e mastiga metralla. (Páx. 8)
- A serpente mariña come nenos e nenas. (Páx. 16)
- O demo come ¡vilas enteiras! (Páx. 30)
- O ogro come carne humana. (Páx. 33)
- O lobo come avoas crúas. (Páx. 35)
- O home do saco bebe viño e come queixo fresco e chourizos. (Páx. 56)
- O vampiro bebe sangría. (Páx. 57)
- A bruxa come pizza (pero de pitiños), lesmas e moscas e bebe gasosa velenosa. (Páx. 62)



Cada alumno/a, tendo en conta os gustos do seu monstro, elaborará unha receita cun prato que crea que lle pode gustar.

Esa receita deberá cumprir a condición de estar escrita en verso. Podemos mostrarlles a receita da apócema da bruxa e recitala en voz alta unhas cantas veces para nos familiarizar coa rima. (Páxs. 63-64)

## Orientacións

Podemos colgar as receitas monstruosas pola clase ou elaborar uns libros de receitas cunha nota dedicatoria para futuros lectores e deixalos como legado na biblioteca da aula.

É importante que tratemos de espertar a curiosidade dos rapaces por aqueles alimentos que nunca probaron ou que non coñecen.

Se o consideramos oportuno, e como actividade complementaria, podemos pedirilles que elaboren un menú semanal para un comedor de monstros, tendo en conta a pirámide da alimentación e tomando como modelo o menú semanal do comedor da nosa escola.

## ACTIVIDADE 3

(Despois da lectura): **O MEU MONSTRO PARTICULAR**

### Obxectivos

- Exercitar as habilidades plásticas.
- Apreciar e valorar a ilustración do libro.
- Cultivar a imaxinación.
- Espertar o INTERESE e o gusto pola linguaxe poética a través do sentido do humor.

### Descrición

Ampliaremos e copiaremos as ilustracións dos personaxes que máis nos gustaron (faremos varias copias). Recortaremos partes do corpo dos monstros (tentáculos do polbo, cola do dragón, lingua da serpente, man negra, moco do trol, cornos do demo, bóla do fantasma, pelos do cocón, guincho do pirata, cairos do vampiro, nariz da bruxa...).

Introduciremos nunha caixa todos os fragmentos dos monstros e pedirémoslle a cada neno/a que extraia tres ou catro pezas. Por quendas, cada un explicarlles aos seus compañeiros a quen pertencen as partes que lle tocaron.

Deseguido explicarlles que, igual que sucedeu con Frankenstein, inventen un novo monstro empregando os fragmentos que sacaron da caixa. Terán que pegar as ilustracións e completar as partes do corpo que lles falten (podemos deixar que intercambien fragmentos se o consideramos oportuno).

Por último, pedirémoslles aos rapaces que escriban unha rima explicando algo do monstro que crearon: onde vive, cando aparece, que é o que lle gusta...

### Orientacións

Aproveitaremos a ocasión para lles contar as historias das que proceden os monstros que coñecemos neste libro.



Se che gustou, gustaranche:

*A pastelería de dona Remedios*

*A vaca Maruxa esquía en Valbabuxa*

*O capitán da baía*

*Rosanda e a arte da maxia*